

# ANPA CPI PLURILINGÜE DE CASTROVERDE

Setembro 2019

Estimadas familias,

Comeza un novo curso e tamén unha nova Xunta Directiva da ANPA, que nos diriximos a vos para expoñer o programa de actividades extraescolares deste curso 2019-2020 e presentarnos:

Presidenta: Susana Nogueira González

Vicepresidenta: Sandra Melado Ojén

Secretaria: Loli Prieto Sarceda

Tesoureira: María José Penelo Díaz

Vogais: Verónica Trashorras Nogueira e Ana Eiras Gómez.

Este ano será de continuidade cos anteriores (agradecemos á xunta directiva sainte a sua labor e boa disposición para o cambio), e esperamos ofertar actividades do interés das/os nosas/os fillas/os coa axuda de todos vós e coa ilusión desta nova directiva.

Será benvinda toda suxerencia e colaboración de calquer tipo, e animamos a todas as familias que aínda non o sodes a que vos unades á Anpa.

**Para facerse socio**, debedes ingresar a cuota anual, que segue fixada en 15 € por familia, na conta da Caixa Rural nº ES97 3070 0005 0261 5736 3125 indicando no concepto: **ANPA 19** e o nome dun neno ou nena para poder identificarvos.

Respecto ás **actividades extraescolares** para este curso 2019-2020:

En infantil e primaria mantéllense as anteriores (xadrez, taekwondo e manualidades), retomamos as actividades de Baile tradicional e “Lecer en inglés” e próponse unha nova: Robótica.

Para secundaria as actividades son: Taekwondo, Robótica e Xadrez.

Haberá sesións gratuitas de demostración de Robótica os días 16 e 17 de setembro en horario lectivo.

Recordamos que ningún neno pode facer uso das actividades extraescolares con débedas pendentas na ANPA.

Para apuntarse ás actividades é indispensable entregar na secretaria do Centro a **ficha que se adxunta cuberta antes do 24 Setembro**, onde se indica o horario e custo previsible das actividades.

Para darse de baixa dalgunha actividade haberá que comunicalo por escrito cubrindo un formulario que estará na Secretaria do Centro durante todo o curso.

Os pagos das actividades realizáranse durante a primeira semana do mes correspondente con ingreso ou por transferencia bancaria na conta da Caixa Rural nº ES97 3070 0005 0261 5736 3125 (agradecemos indiquedes no concepto a actividade e nome do neno/a).

As actividades que alcancen o número mínimo de participantes comezarán o día 1 de outubro.

**Convocámosvos tamén a una Reunión o día 26 de setembro ás 4:15 no salón de actos do Centro para informar das actividades que acadaron o número de participantes e os precios definitivos.**

Por último decirvos que podedes contactar con nós nos teléfonos: Susana 669356673, Loli 616334554 e Maria José 686928739, ou no correo electrónico [anpa.cpi.castroverde@gmail.com](mailto:anpa.cpi.castroverde@gmail.com).

Moitísimas gracias pola vosa colaboración.